

# El Progreso

## Galiciae

### Os escritores celebran o 150º aniversario do libro 'Cantares gallegos' en Lugo

---

Etiquetas: libros, homenaje, Lugo, Rosalía de Castro, literatura, efeméride

El Progreso (Lugo). A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), coa colaboración do área de Cultura da Diputación Provincial, celebrará mañá en Lugo o 150º aniversario da publicación de 'Cantares gallegos', cunha lectura de diferentes textos de Rosalía de Castro. Anunciouno o responsable da área de Cultura do goberno bipartito da Diputación de Lugo, Mario Outeiro, quen recordou que, ademais de conmemorar o nacemento da escritora, o día 24 de febreiro, este acto servirá para recordar o século e medio transcorrido desde a publicación de 'Cantares gallegos', «o primeiro libro íntegro monolingüe do renacemento da nosa literatura culta».

Nese acto, que terá lugar a partir das sete da tarde no refectorio do Museo Provincial de Lugo, participarán socios do Club Cultural Valle Inclán, alumnado da Escola de Narración Oral de Lugo e socios da propia AELG, coa colaboración musical de Laura María Alonso e Víctor M. González.

Ademais, os representantes da AELG darán lectura a un manifesto «oficial» con motivo desta efeméride.

Ao día seguinte, o domingo, terá lugar no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago un «acto nacional», coa lectura de poemas de 'Cantares gallegos' e unha ofrenda floral.

Mario Outeiro recordou que «Rosalía é unha figura indispensable na literatura do século XIX» e, «sen dúbida, a escritora fundacional da literatura galega».

22/02/2013